

de mariscadores a pé e a relación de embarcacións dedicadas á modalidade marisqueo de percebe coa lista nominal de tripulantes en posesión do certificado de percebeiros enrolados ao inicio do plan».

#### *Disposición adicional*

Única.-O permiso de explotación a pé para percebe é incompatible coa posesión da habilitación como tripulante enrolado nunha embarcación con permiso de explotación baixo a modalidade de percebe.

#### *Disposición transitoria*

Única.-Os procedementos para a obtención e os de renovación iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta orde continuarán tramitándose segundo o establecido na Orde do 6 de marzo de 2000 pola que se regula a explotación do percebe (*Pollicipes pollicipes*) como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.

Carmen Gallego Calvar  
Conseleira de Pesca e Asuntos Marítimos

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 13 do novembro de 2008 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Funditea.*

Visto o expediente de recoñecemento de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Funditea*.

Supostos de feito.

Primeiro.-A fundación solicitou a clasificación e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por medio do escrito presentado por María José Ferradáns Villar, en calidade de presidenta do padroado da fundación.

Segundo.-A fundación constituíuse en escritura pública outorgada o 26 de decembro de 2007 en Vigo, ante o notario César Cunqueiro González-Seco, co número de protocolo cinco mil cincocentos trinta e catro, emendada por outras dúas outorgadas ante o mesmo notario os días 21 de abril de 2008, con número de protocolo mil seiscentos cinco, e 10 de

xullo de 2008, con número de protocolo dous mil novecentos oitenta e un.

Terceiro.-A Comisión integrada por todos os secretarios xerais na súa reunión do día 8 de setembro de 2008 elevou ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese social da *Fundación Funditea*.

Cuarto.-Á vista da proposta da Comisión de Secretarios Xerais, mediante a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 12 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 187, do 26 de setembro), clasificouse como de interese social a *Fundación Funditea*.

Tendo en conta o disposto no artigo 32.2º c) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado de fundacións de interese galego, e dado o seu obxecto adscribiuse á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polos decretos 332/2005, do 18 de agosto, 454/2005, do 1 de setembro, e 212/2007, do 8 de novembro, e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, que establece a estrutura orgánica do antedito departamento.

Quinto.-Segundo consta no artigo 6 dos estatutos da fundación, o seu obxecto é:

a) Como entidade tutelar, asumir o exercicio da tutela ou outras figuras xurídicas de garda e protección e a administración de bens de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA, legalmente incapacitadas.

b) Promover e xestionar recursos residenciais, de ocio e tempo libre e de rehabilitación psicosocial e laboral que contribúan ao benestar ou á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

c) Xerar emprego, mediante calquera forma legal, protexido ou non, para a integración laboral das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

d) Promover a formación nos seguintes eidos:

-Promoción e realización de iniciativas relacionadas coa investigación sobre discapacidade especialmente sobre o trastorno do espectro autista, que poidan axudar na mellora da calidade de vida deste colectivo.

-Promover a formación de profesionais cualificados relacionados con este sector ou con outros ámbitos, particularmente os que teñan unha maior influencia na calidade de vida destas persoas (escolar, sanitario, empresarial...) así como doutras persoas que desexen máis formación sobre estes aspectos.



-Formación social, laboral e académica de persoas con discapacidade, con especial atención a persoas con TEA.

-Orientación laboral e social necesaria para acadar o maior nivel de integración laboral e social das persoas con discapacidade, especialmente con TEA.

-Formación de familias de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

-Orientación e asesoramento a familias de persoas con discapacidade, con especial interese daquelas con TEA, para que teñan acceso aos recursos máis axeitados ás súas necesidades.

e) Difusión social dunha imaxe positiva e normalizada do concepto de discapacidade como diversidade funcional tal e como se define na CIF: Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde OMS.IMSERSO.2001.

Sexto.-Na escritura pública pola que se constitúe a fundación e as súas emendas, nos estatutos e na demais documentación que figura no expediente, constan, entre outros os seguintes extremos: acreditación da personalidade do fundador, dotación inicial da fundación, estatutos en que consta a denominación (*Fundación Funditea*), a composición do órgano de goberno e o réxime de adopción de acordos.

O padroado da fundación, segundo establece o artigo 12 dos seus estatutos, estará integrado por sete membros como máximo.

O primeiro padroado designado na escritura de constitución segundo dispón o artigo 12 dos estatutos estará integrado por,

Presidente: María José Ferradáns Villar.

Vicepresidente: Carlos Jesús López Ferradáns.

Secretario: Juan Manuel Ferradáns Villar.

Vogal: Amelia María Varela Caride.

Vogal: Amor Admella Baulies.

Sétimo.-A Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez revisados os seus estatutos, solicitou informe da Asesoría Xurídica, conforme o disposto no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, que aquela emitiu favorablemente con data do 15 outubro de 2008.

Oitavo.-Así mesmo, o 20 de outubro de 2008, a Secretaría Xeral emite informe ao abeiro dos artigos 48.1º b) e 52.3º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de acordo coa lei. O artigo 27.26º do Esta-

tuto de autonomía para Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego e o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, é competencia deste departamento a declaración de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións da *Fundación Funditea*, dado o seu obxecto coincidente coas competencias desenvolvidas por aquela, asumindo as funcións que como protectorado lle corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ao abeiro do disposto no artigo 35.1º da Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, deberase destinar á realización dos fins fundacionais polo menos o setenta por cento das rendas e dos ingresos obtidos pola fundación, por calquera título ou causa, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Cuarto.-A Lei 12/2006 establece no seu artigo 38 a obriga de aprobar as contas anuais da fundación dentro dos seis meses seguintes á data de pechamento do exercicio, e de presentalas ao protectorado no prazo dos vinte días hábiles desde a súa aprobación polo padroado. Por outra banda, o artigo 39 establece o deber de elaborar e remitir ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa.

Este conxunto de obrigas débense entender asumidas pola fundación, aínda que non se recollan expresamente nos seus estatutos.

Quinto.-Á vista do exposto, pódense entender substancialmente cumpridos os requisitos legais e regulamentarios para a declaración de interese galego e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así, en virtude do artigo 34 da Constitución española de 1978, o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, o Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como a



demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación,

**DISPOÑO:**

Primeiro.-Recoñecer a declaración de interese galego á *Fundación Funditea*.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Terceiro.-Aprobar os seus estatutos e a composición do seu órgano de goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación citada, en especial á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a dar contas anualmente ao protectorado e a xustificar a través dunha memoria anual o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentar o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula, debendo solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación pre-sunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Resolución do 27 de novembro de 2008, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se anuncia a concesión das axudas do fondo de acción social para o exercicio 2007.*

Concluídos os traballos de repartición e aplicación do fondo de acción social para o ano 2007, e en uso das

competencias atribuídas a esta dirección xeral no punto 2 das normas xerais de procedemento que rexen para o fondo de acción social do ano 2007, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia do 28 de decembro de 2007 e publicados por resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de maio de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 95, do 19 de maio), procede darlle a debida publicidade ao acordo final de concesión e distribución do citado fondo, unha vez transcorrido o prazo de alegacións previsto no punto segundo da Resolución do 12 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 173, do 8 de setembro) e da Resolución do 10 de outubro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 201, do 16 de outubro).

Polo tanto, dando cumprimento ao acordo do Consello da Xunta e ao disposto na Resolución do 8 de maio de 2008, esta dirección xeral

**DISPÓN:**

Primeiro.-Que se publique no *Diario Oficial de Galicia*, como anexo a esta resolución, a distribución final da concesión das axudas do fondo de acción social para o exercicio de 2007.

Segundo.-Facer públicas as solicitudes aprobadas e denegadas das prestacións correspondentes ás axudas de xubilación, discapacitados, fillos menores, estudos por fillos, estudos do traballador, vivenda, maiores a cargo e gastos sanitarios do fondo de acción social do ano 2007, na páxina web [www.xunta.es](http://www.xunta.es).

Terceiro.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2008.

María del Mar Rodríguez Fernández  
Directora xeral da Función Pública

**ANEXO**

Tipo de axuda	Entradas	Aprobadas	Denegadas	Importe €
1. Xubilación	1.073	330	743	705.180,58
2. Discapacitados	1.006	926	80	1.233.501,99
3. Fillos menores	7.270	7.132	138	1.428.013,57
4. Estudos por fillos	19.593	18.833	760	2.184.562,50
5. Estudos traballador	1.318	819	499	275.420,00
6. Vivenda	601	361	240	554.646,01
7. Maiores a cargo	1.402	1.277	125	520.575,99
8. Gastos sanitarios	3.265	3.142	123	330.310,36
<b>Total</b>	<b>35.528</b>	<b>32.820</b>	<b>2.708</b>	<b>7.232.211,00</b>